



Resolución do 5 de xullo de 2024, do Servizo Provincial da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento actas previas á ocupación e para a formalización actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús, AC/22/048.06, Abegondo, Oza-Cesuras, Betanzos, Cambre, Curtis e Mesía.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2 a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

O 27 de xullo de 2023 a Xunta de Galicia aprobou o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG) nas rutas de acceso polo norte á cidade da Coruña, de clave AC/22/048.06, nos concellos de Abegondo, Oza-Cesuras, Betanzos, Cambre, Curtis e Mesía, publicado no Diario Oficial de Galicia de data 8 de agosto de 2023 (DOG núm. 150).

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Abegondo, Oza-Cesuras, Betanzos, Cambre, Curtis e Mesía, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de Abegondo

Lugar: salón de plenos do Concello de Abegondo

Data: 27 de agosto de 2024, das 9:30 ás 11:00 horas.

Termo municipal de Oza-Cesuras

Lugar: edificio servizos múltiples (C/Lois 33, Oza-Cesuras)

Data: 27 de agosto de 2024, ás 12:30 horas.

Termo municipal de Betanzos

Lugar: salón de plenos do Concello de Betanzos

Data: 28 de agosto de 2024, das 9:30 ás 10:30 horas.

Termo municipal de Cambre

Lugar: salón de plenos do Concello de Cambre

Data: 28 de agosto de 2024, das 11:45 ás 13:15 horas.

Termo municipal de Curtis

Lugar: salón de plenos do Concello de Curtis

Data: 29 de agosto de 2024, ás 9:30 horas.

SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Rúa de Vicente Ferrer 2, 8º andar 15071 A Coruña

981 182 475 - 981 184 873 - 881 881 314

<https://sede.xunta.gal/portada>





Termo municipal de Mesía

Lugar: salón de plenos do Concello de Mesía

Data: 29 de agosto de 2024, ás 11:00 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos nos concellos de Abegondo, Oza-Cesuras, Betanzos, Cambre, Curtis e Mesía e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (r/ Vicente Ferrer nº 2, 8º andar, 15.071 A Coruña), e publicárase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

[https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resolucions/aviso\\_0354.html](https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resolucions/aviso_0354.html)

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, no seu caso outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar a súa custa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa de 26 de abril de 1957, este servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, procederá ao pago, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do D.N.I., consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e data que se indican:

Termo municipal de Abegondo

Lugar: salón de plenos do Concello de Abegondo

Data: 4 de novembro de 2024, das 10:15 ás 11:00 horas.

Termo municipal de Oza-Cesuras

Lugar: edificio servizos múltiples (C/Lois 33, Oza-Cesuras)

Data: 4 de novembro de 2024, ás 12:00 horas.

Termo municipal de Betanzos

Lugar: salón de plenos do Concello de Betanzos

Data: 5 de novembro de 2024, das 10:15 ás 10:45 horas.

Termo municipal de Cambre

Lugar: salón de plenos do Concello de Cambre

Data: 5 de novembro de 2024, das 11:45 ás 12:30 horas.

Termo municipal de Curtis

Lugar: salón de plenos do Concello de Curtis

Data: 6 de novembro de 2024, ás 10:15 horas.

Termo municipal de Mesía

Lugar: salón de plenos do Concello de Mesía

Data: 6 de novembro de 2024, ás 11:15 horas.

No mesmo acto ofertaranse aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada unha das fincas en concepto de mutuo acordo.






O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, e non se admitirá representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberá identificarse co Documento Nacional de Identidade.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O Xefe do Servizo Provincial da Coruña

Felipe de la Vega Gándaras.



Clave: AC/22/048.06  
Obra: Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte á cidade da Coruña

Término Municipal: Mesía

Finca	Referencia Catastral	Titulares	Cantidade Expropiada	Concepto Expropiado	Unidades
61	15048A503000580000KK	Domínguez Lasheras, Jesús	186.00	Solo rústico protección infraestructuras-monte_Mesía	m2
			186.00	arboredo (frondosas)_Mesía	m2

En listado: 1

